



CONTRATO PARA A FORMACIÓN E A APRENDIZAXE

Ten por obxecto a cualificación profesional das persoas traballadoras nun réxime de alternancia da actividade laboral retribuída nunha empresa coa actividade formativa.

REQUISITOS DA PERSOA TRABALLADORA

- Persoas maiores de 16 anos e menores de 25 (ata 30 anos mentres a taxa de desemprego non baixe do 15%), sen cualificación profesional recoñecida polo sistema de formación profesional ou do sistema educativo requirida para o contrato en prácticas.
- O límite máximo de idade non se aplicará a persoas con discapacidade nin colectivos en situación de exclusión social.
- Pode acollerse a esta modalidade quen curse formación profesional no sistema educativo.

Prohibicións para contratar:

- Esgotada a duración máxima do contrato, non cabe contratar baixo esta modalidade pola mesma ou distinta empresa, salvo que a formación inherente ao novo contrato teña por obxecto a obtención dunha cualificación profesional distinta.
- Non é posible este contrato cando o posto fora desempeñado con anterioridade pola persoa traballadora na mesma empresa por tempo superior a doce meses.

ACTIVIDADE FORMATIVA

A actividade formativa será a necesaria para a obtención:

- Dun título de formación profesional de grao medio ou superior
- Dun certificado de profesionalidade
- Ou dunha certificación académica ou acreditación parcial acumulable.

Lugar impartición da formación:

O traballador recibirá a formación:

- Nun **centro formativo**, previamente recoñecido para elo polo Sistema Nacional de Emprego.
- **Na empresa**, cando dispoña de instalacións autorizadas e persoal coa formación axeitada.

A actividade laboral desempeñada polo traballador na empresa deberá estar relacionada coas actividades formativas.

Poderase incluír formación complementaria non referida ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais para adaptarse tanto ás necesidades dos traballadores como das empresas.



CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO PARA A FORMACIÓN E A APRENDIZAXE

Duración:

A duración mínima será dun ano e máxima de tres. Por convenio colectivo pódense establecer distintas duracións do contrato, sen que poida ser inferior a seis meses nin superior a tres anos.

Se se concerta por unha duración inferior á máxima legal ou establecida por convenio, caben dúas prorrogas, sen que a duración de cada unha poida ser inferior a seis meses e que a duración total do contrato poida exceder a duración máxima de tres anos.

Xornada:

O tempo de traballo efectivo non superará o 75% durante o primeiro ano, ou o 85%, durante o segundo e terceiro ano da xornada máxima prevista no convenio colectivo ou, no seu defecto, da xornada máxima legal.

Non poderán realizar horas extraordinarias, traballos nocturnos nin traballos a quendas.

Retribución:

A retribución do traballador fíxase en proporción ao tempo de traballo efectivo, de acordo co establecido en Convenio Colectivo sen que poida ser inferior ao salario mínimo interprofesional.

Formalización do contrato:

Por escrito, facendo constar expresamente o acordo para a actividade formativa en contrato para a formación e a aprendizaxe (incluíndo os Anexos correspondentes).

O empresario deberá comunicar ao Servizo Público de Emprego a súa formalización e finalización e os anexos, no prazo dos dez días dende a data de formalización, finalización ou prórroga.

O Acordo para a actividade formativa en contrato para a formación e a aprendizaxe, aínda que se comunique mediante Contrat@, entregarse o impreso na Dirección Provincial do SEPE da localidade onde estea situado o posto de traballo.

Período de proba de antigüidade:

Se ao remate do contrato a persoa continuase na empresa non cabe un novo período de proba e o tempo traballado computarase como antigüidade.